



INFORME DE TESOURARÍA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNIS COMERCIAIS.

ENTIDADE LOCAL: CONCELLO DE TEO

TESOURARÍA E INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE TEO

TRIMESTRE: 4ºTRIMESTRE 2018

PLENO: FEBREIRO 2018

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 3, 4, 5 e 8 da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Artigo 4 e Disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Artigo 33 do Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, que modifica o artigo 4 da Le 3/2004.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria.
- Artigo 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público
- Artigos 3,4 5 e 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

ANTECEDENTES DE FEITO

O día 6 de xullo de 2010, publicouse no BOE a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación, é dicir, o día 7 de xullo de 2010. O obxectivo último da lei é a diminución dos prazos de pago e a loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dentro das cales se atopan as realizadas polas Administracións Públicas.

(Handwritten signature of the Treasurer of the Concello of TEO)

(Handwritten signature of the Interventor of the Concello of TEO)



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Do texto da Lei dedúcense unhas obrigas de rendición de información e dación de contas por parte das administracións públicas, entre as cales se atopa o Concello de Teo.

Por outra parte, cabe mencionar o RD Lei 4/2013, de 22 de febreiro, que modifica no seu artigo 33 o artigo 4 da Lei 30/2004, de 29 de decembro. Posteriormente a Lei 25/2013, de 27 de decembro, modifica as obrigas de información e rendición e deroga o artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.

Finalmente o RD 635/2014, de 25 de xullo, ,modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro, establece a metodoloxía económica para o cálculo e publicidade do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e determina as condicións para a retención de recursos dos rexímenes de financiación para satisfacer as obrigas pendentes de pago con provedores.

Á vista da lexislación aplicable, os funcionarios que suscriben, emiten o seguinte **INFORME**:

1º.-PRAZOS PARA O RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS E PAGOS

Polo que respecta ao prazo de pago, o artigo 33 do novo Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, modifica o artigo 4 da Lei 30/2004. que regulaba a determinación do prazo de pago, e que agora queda redactado así:

"1.-O prazo de pago que debe cumplir o debedor, se non tivera fixado data de pago no contrato, será de trinta días naturais despois da data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos, incluso cando tivera recibido a factura ou solicitude de pago equivalente con anterioridade.

Os provedores deberán facer chegar a factura ou solicitude de pago equivalente aos seus clientes antes de que se cumpran 30 días a contar dende a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

...

Os prazos de pago indicados nos apartados anteriores poderán ser ampliados mediante pacto das partes sen que, en ningún caso, se poida acordar un prazo superior a 60 días naturais."

2º.-MOROSIDADE DAS AAPP. INFORME TRIMESTRAL

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4 da Lei 15/2010 dispón:

Artigo 4. Morosidade das Administracións Públicas.

1. O Interventor Xeral do Estado elaborará trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións da Administración Xeral do Estado, que incluirá

*CONCELLO DE TEO
Tesouraría
2018*

*IP
CONCELLO DE TEO
Interventor
2*



necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

2. As Comunidades Autónomas establecerán o seu propio sistema de información trimestral pública sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago nesta Lei.

3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obligacións de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obligacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.


5. A información así obtida poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento dos prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

E o artigo 10 da nova lei 25/2013, de 27 decembro, ao regular as actuacións do órgano competente en materia de contabilidade, dispón:

Los órganos o unidades administrativas que tengan atribuída la función de contabilidad en las Administraciones públicas:

2.-Elaborarán un informe trimestral con la relación de las facturas con respecto a los cuales hayan transcurrido mas de tres meses desde que fueron anotadas y no se haya efectuado el reconocimiento de la obligacion por los órganos competentes. Este informe será remitido dentro de los quince días siguientes a cada trimestre natural del año al órgano de control interno.

Dos mencionados preceptos derívase a obriga de elaborar por parte da Tesouraría ou a Intervención o informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nestas Leis para o pago das obrigas do Concello de Teo, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo, así como a obriga de remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan





atribuída a tutela financeira das Entidades locais, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.

Os datos agregados das obrigas pendente de pago se presentan como anexos a este informe.

3º.-TRAMITACIÓN POSTERIOR: ELEVACIÓN AO PLENO E REMISIÓN

Consecuentemente có anterior, unha vez elaborado o presente informe e os seus anexos, procede:

- 1) Que se de traslado polo Sr. Presidente, no prazo de 6 días dende o seu coñecemento polo Pleno (art. 196 ROF), á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL, como órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda, e a Consellería de Facenda.
- 2) Que se envíe telemáticamente e con sinatura electrónica ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tal e como estipula o artigo 16, apartado 7 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

4º.-CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES

O artigo 4 do RD 635/2014, de 25 de xullo estipula que as Corporacións Locais calcularán o período medio de pago global a provedores segundo a seguinte fórmula:

Período medio de pago global a provedores= Sumatorio (PMM de cada entidade x importe operacións da entidade)/ Sumatorio (Importe operacións das entidades).

E o artigo 5 modificado polo RD 1040/2017 determina a fórmula do PMM de cada entidade:

Período medio de pago de cada entidade=(ratio operacións pagadasx importe total pagos realizados+r ratio operacións pendentes de pagox importe total pagos pendentes)/ Importe total pagos realizados + importe total pagos pendentes.

A información relativa a obrigas pendentes de pago así como o período medio de pago a provedores do concello de Teo para o 4º TRIMESTRE DE 2018 é a que se facilita no anexo a este informe e se extrae directamente da aplicación informática que realiza todos os cálculos de forma automática.

Teo, 4 de xaneiro de 2019

O TESOUREIRO

Diego Rodríguez Porto

CONCELLO DE TEO
Tesoraría

A INTERVENTORA

Mónica Isabel Lado Varela

IP
CONCELLO DE TEO
Intervención

Año	Tipo Periodo	Periodo	Descripción de la Entidad	Ratio Operaciones Pendientes de Pago	Importe de Operaciones Pendientes de Pago	Ratio de Operaciones Pagadas	Importe de Operaciones Pagadas	Periodo Medio de Pago de la Entidad
2018	Trimestral	4	Concello de Teo	6,88 €	1.166.042,27 €	6,73 €	3.257.472,06 €	6,77 €